


ENTORNO ARQUEOLÓXICO DE MONTE PENIDE - REDONDELA - PONTEVEDRA



PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Código GA: GA36045056

DENOMINACIÓN: Mámoa de Chan da Cruz 27

UTM29 ETRS89: 529938 4678598

WGS84: -8.637036414 42.259011002



TIPOLOXÍA DE ELEMENTO

TIPOLOGÍA: Túmulo/Mamoá

DESCRIPCIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN

CONSERVACIÓN: Malo

Medidas do túmulo: 14 m. (eixe N-S); 12.50 m. (L-O) e 0,40 m. de altura (todas medidas aproximadas).

O aspecto xeral e o emprazamento parecen indicar que se poida tratar do túmulo nº 29 de Hidalgo-Costas (ver bibliografía) aínda que se atopa moi alterado (de feito case destruído) e a penas queda masa tumular.

Está algo cuberto de vexetación de monte baixo (herba e toxo) e piñeiros grandes. Ten un gran furado central que deixa ver dúas lousas chantadas (de xisto) e outras dúas máis pequenas tombadas; hai unha quinta pedra das mesmas características que semella ser un resto de cantería. De confirmarse isto último o posible túmulo podería tratarse dos restos dunha canteira, ao que se suman as dúas grandes gabias que aparecen no seu carón occidental e das que descoñecemos a súa utilidade.

As medidas das lousas son:

L.1: 1.30 m. (ancho); 1.30 m. (alto); 20 cm. (grosor).

L.2: 0.55 m. (ancho); 0.70 m. (alto); 10 cm. (grosor).

L.3: 0.50 m. (ancho); 0.65 m. (alto).

L.4: 0.70 m. (ancho); 0.50 m. (alto).

L.5: Moi tapada pola vexetación, ten polo menos 33 cm. de grosor.

O furado de violación ocupa practicamente o diámetro do túmulo e ten unha profundidade de aproximadamente 1 m.; na parte S hai outro pequeno burato.

